



### Cuntis lidera a perda de poboación na comarca de Caldas na última década

*Os dramáticos datos demográficos de Cuntis durante a última década superan calquera media de referencia (comarcal, provincial e galego), perdendo un 8,56% da súa poboación (438 habitantes). A ausencia de posibilidades laborais e a parálise urbanística están detrás desta situación, que é produto dos gobernos de PP e PSOE durante a última década.*

Cuntis, 3 de xaneiro de 2019. O INE vén de publicar o dato de poboación co que se pecha o ano 2019 e, xa que logo, co que iniciamos a nova década. **Cuntis volve arroxar datos negativos, ao iniciar o 2020 con 33 habitantes menos que hai un ano, descendendo deste xeito ata os 4677.**

Se ben é certo que o descenso de poboación é unha tendencia no conxunto do País, os datos que presenta Cuntis son especialmente dramáticos se analizamos a última década. **438 habitantes menos que no ano 2010, un escandaloso 8'56%**, porcentaxe moi por enriba de calquera media que se tome como referencia:

- Na última década, a provincia de Pontevedra perdeu 19807 habitantes, un 2,06%
- Galicia perdeu 98154 habitantes, un 3,51%
- O resto dos municipios da comarca sufren unha diminución media inferior ao 4%

Comarca de Caldas. Poboación 2010-2019				
	2010	2019	variación	
<b>Caldas</b>	10045	9785	-260	-2,59%
<b>Catoira</b>	3469	3335	-134	-3,86%
<b>Cuntis</b>	<b>5115</b>	<b>4677</b>	<b>-438</b>	<b>-8,56%</b>
<b>Moraña</b>	4434	4179	-255	-5,75%
<b>Pontecesures</b>	3143	3052	-91	-2,90%
<b>Portas</b>	3078	2940	-138	-4,48%
<b>Valga</b>	6127	5869	-258	-4,21%

fonte: INE

Esta perspectiva dá unha idea da emerxencia demográfica na que se atopa Cuntis. Os gobernos de PP e PSOE que durante a última década gobernaron o Concello de Cuntis son responsables dunha situación como a que se describe, e os datos demográficos



# veciñanza

tan acentuadamente negativos poden entenderse como o principal resultado da súa xestión.

Nin para PP nin para PSOE vén sendo prioritaria a transformación dos eixos estruturais que explican esta situación. O polígono industrial da Ran en eterno letargo, obxecto de anuncios electoralistas constantes, representa a **ausencia de oportunidades laborais** no noso municipio. A ausencia dun PXOM e o nulo interese por redactalo resume a **imposibilidade de atraer e fixar poboación**, [despois de malgastar máis de 100.000 euros dende a sinatura dun contrato que non serviu para nada](#). Cuntis sofre unha sangría demográfica de grandes proporcións debido a que nin para Partido Popular nin para Partido Socialista foi nunca unha prioridade xerar as condicións para facer posible un proxecto completo de vida en Cuntis. **A incapacidade dos gobernos municipais cuntienses da última década está sendo letal para as perspectivas de futuro do noso municipio**. Por se isto non fose suficiente, as políticas do Goberno de Feijóo na Xunta de Galicia non deixaron de deteriorar as condicións de vida do rural durante a última década (sanidade, servizos, etc.).

Veciñanza reclama un acordo municipal arredor dunha situación de tanta gravidade que fixe unha folla de ruta viable para tratar de revertir a sangría demográfica da nosa vila. A redacción dun PXOM, a aposta decidida (e sensata) polo desenvolvemento do turismo como sector económico de referencia e o apoio ao comercio local con medidas útiles son eixos irrenunciabes para imaxinar un futuro en Cuntis.

